

INFORMACIÓN PRECONTRACTUAL ADICIONAL SOBRE O CRÉDITO REVOLVING

En cumprimento co disposto no artigo 33.ter da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios, e co apartado 2.3 da norma sexta da Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, ás entidades de crédito e provedores de servizos de pagamento, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos, fáiselle entrega ao cliente do documento de información precontractual adicional sobre os créditos rotativos ou *revolving*.

A información recollida neste documento complétase coa Información Normalizada Europea (INE) que se entrega simultaneamente a este.

Advertencia: as informacións resaltadas en **negra** son especialmente relevantes.

A. Detalle da modalidade de pagamento aprazado revolving e as súas principais características:

Modalidade de pagamento establecida.	A tarxeta non se emite cunha modalidade de pagamento por defecto, senón que, no momento da súa activación, o titular deberá elixir entre unha das seguintes modalidades de pagamento xeral: • Pagamento Fin de mes: baixo esta modalidade de pagamento, as disposicións realizadas coa tarxeta, incluíndo os importes que excedan do límite do crédito, deberán ser aboadas, sen xuros, ao finalizar o correspondente período de liquidación¹, xunto coas comisións e/ou gastos que se devindiquen nese período de liquidación. Tipo de xuro nominal anual (TXN) fixo: 0,00% (TAE 5,38%; TEDR 0,00%) (a TAE indicada foi calculada baixo unha disposición en compras en comercios e podería ser máis elevada para o resto das opcións de disposición de fondos). • Pagamento aprazado (Revolving): permítelle ao titular o pagamento a prazos das disposicións que realice coa tarxeta, e poderá elixir entre aboar mensualmente: (i) unha cantidade fixa, cun mínimo de 40,00 € ou (ii) a cantidade resultante de aplicar unha porcentaxe de entre o 3,00% ao 99,99% sobre o saldo resultante².
--------------------------------------	--

1. O «período de liquidación» é o período mensual no que se producen os cargos e aboamentos tidos en conta para o cálculo da correspondente cota mensual. A data de peche de cada Período de Liquidación realizarase o penúltimo día hábil do mes, aínda que esta data poderá variar dependendo da existencia de días festivos que poidan afectar os procesos internos de liquidación. Por tanto, este período non terá por que coincidir co mes natural. En calquera caso, o Período de Liquidación indicárase en cada extracto mensual.

2. O «saldo resultante» é a suma de: (i) o capital disposto e (ii) os xuros devindicados durante o período de liquidación.

En calquera caso, o importe que finalmente se deba aboar non poderá ser inferior a 40,00 € nin á cantidade resultante de aplicar o 3,00% sobre o Saldo Resultante, e deberá comprender: a) a amortización correspondente do Capital Disposto³, excluindo os importes que excedan o límite do crédito, cun mínimo do 0,35%, e b) o total dos xuros xerados; polo que o seu importe podería ser superior ao da opción elixida. Ademais, na cota mensual engadirase a esta cantidade o resto dos conceptos que, de ser o caso, a conformen, isto é, o saldo íntegro dos excesos realizados, as comisións e/ou gastos devindicados, e/ou as cotas das disposicións que se puideran realizar baixo algunha das modalidades de pagamento especial.

Tipo de xuro nominal anual (TXN) fixo:

- Compras en comercios e traspasos de efectivo a crédito: 14,99% (TAE 16,06%; TEDR 16,06%).
- Retirada de efectivo a crédito en caixeiros automáticos: 12,11% (TAE 24,85%; TEDR 12,80%).

De ser o caso, o contrato de crédito prevé tamén as seguintes modalidades de pagamento:

Ademais, o titular poderá aprazar operacións puntuais baixo algunha das seguintes modalidades de pagamento especiais (mantendo para o resto das operacións a modalidade de pagamento xeral establecida):

- **Pagamento a prazos («Fracccionar compras»):** permítelle ao titular financiar o pagamento dunha operación determinada (ou a suma de varias), decidindo: (i) o importe da cota que desexa pagar cada mes ou (ii) o número de meses en que quere aprazar a operación, sen poder ser a cota elixida e/ou resultante inferior a 30,05 € (ou a cantidade mínima que se determine en cada momento). As operacións relativas aos cargos das comisións non poderán ser financiadas baixo esta modalidade de pagamento.

O importe mínimo para aprazar será 90,00 € (ou a cantidade mínima que se determine en cada momento) e o período de aprazamento deberá oscilar entre 3 e 36 meses (ou as opcións que estean dispoñibles en cada momento), ao que se lle engadirá un período inicial de carencia de capital que contará desde a data de realización do aprazamento ata o final do período de liquidación en que se fixo este.

Nesta modalidade de pagamento, as cotas mensuais serán constantes, aínda que o importe da cota do período inicial de carencia será diferente ao resto, ao estar unicamente composta polos xuros xerados durante ese prazo inicial de carencia. Igualmente, a última cota poderá ser de importe distinto para axustar o importe que devolver entre o número de cotas mensuais elixidas polo titular en cada operación.

Tipo de xuro nominal anual (TXN) fixo: 14,99% (TAE 16,07%; TEDR 16,07%) (a TAE indicada poderá variar en función do día do mes de contratación).

3. O "Capital Disposto" está composto por: i) as disposicións realizadas no Período de Liquidación (compras en comercios, retiradas de efectivo a crédito en caixeiros automáticos ou transferencias de efectivo á túa conta corrente), incluíndo o importe de calquera saldo excedido do límite do crédito; ii) máis o Capital Disposto pendente de amortizar no Período de Liquidación anterior ("Saldo Pendente"); e, de ser o caso, iii) menos as cantidades abonadas ou reembolsadas no Período de Liquidación.

	• Pagamento aprazado en comercios: <u>naqueles comercios que ofrezan a posibilidade de aprazar o pagamento das compras realizadas, o titular poderá optar, no momento da compra, por fraccionar o pagamento en prazos de 3, 6, 9 ou 12 meses a través de cotas constantes (ou as opcións que estean dispoñibles en cada momento), sempre que o importe mínimo da compra sexa de 60,00 € (ou a cantidade mínima que se determine en cada momento). Esta modalidade de pagamento só estará habilitada se, no momento de realizarse o aprazamento, a tarxeta está baixo a modalidade xeral de pagamento Fin de mes.</u> <u>Tipo de xuro nominal anual (TXN) fixo: 14,99% (TAE 16,07%; TEDR 16,07%) (a TAE indicada poderá variar en función do día do mes de contratación).</u>
O contrato de crédito prevé a capitalización de cantidades vencidas, esixibles e non satisfeitas.	Non. Os xuros ordinarios e as comisións vencidas, esixibles e non pagadas á súa liquidación non se capitalizarán para o cálculo dos xuros remuneratorios. Agora ben, estas cantidades si que poderán devindicar xuros de demora desde a data da falta de pagamento, así como, de ser o caso, os gastos de reclamación de posición debedora.
O cliente ten a facultade de modificar a modalidade de pagamento establecida durante a vixencia do contrato.	Si. O titular poderá modificar a modalidade de pagamento xeral que teña elixida de entre as distintas opcións habilitadas na tarxeta. Ademais, no caso da modalidade de pagamento aprazado (<i>Revolving</i>), poderá cambiar a porcentaxe ou a cantidade fixa que pagar mensualmente coa tarxeta, respectando a cota mensual mínima permitida para esa modalidade. Calquera destes cambios poderanse realizar ata cinco (5) días naturais antes do fin do período de liquidación en curso, mediante unha simple chamada telefónica ao número 900 811 311, a través da web www.bankinterconsumerfinance.com, pola app ou por calquera outra canle posta á disposición dos clientes. No caso de que se cambie da modalidade xeral de pagamento Fin de mes á modalidade de pagamento aprazado (<i>Revolving</i>), calcularanse xuros polos movementos realizados coa tarxeta durante o período de liquidación en que se produza a modificación (xa sexan compras en comercios, retiradas de efectivo a crédito en caixeiros automáticos ou traspasos de efectivo á túa conta corrente) e o importe da cota mensual que pagar ese período de liquidación calcularase en función da porcentaxe ou cantidade escollida. Para o caso no que se cambie da modalidade xeral de pagamento aprazado (<i>Revolving</i>) á modalidade de pagamento Fin de mes, non se devindicarán xuros polos movementos realizados coa tarxeta nese período de liquidación. Con todo, a cota mensual que pagar ao peche dese período de liquidación si poderá comprender: (i) o saldo pendente derivado das operacións realizadas baixo a modalidade de pagamento Pagamento aprazado (<i>Revolving</i>) en períodos de liquidación anteriores; (ii) os xuros devindicados sobre ese saldo pendente no período de liquidación anterior, conforme á modalidade de pagamento Pagamento aprazado (<i>Revolving</i>); (iii) e a suma dos movementos realizados coa tarxeta no período de liquidación do cambio. En todo caso, a modificación da modalidade de pagamento xeral non afectará o reembolso das disposicións que se realizaron a través dalgunha das modalidades de pagamento especial da tarxeta, que se continuarán aboando conforme ás condicións desta modalidade de pagamento especial e á forma de aprazamento seleccionado para cada unha delas.

A entidade ten a facultade de modificar unilateralmente a modalidade de pagamento establecida.	Si. A entidade poderalle propoñer ao titular, contando coa súa conformidade previa, a modificación da modalidade de pagamento establecida por calquera outra contemplada nas condicións particulares do contrato, incluíndo, de ser o caso, a modalidade de pagamento aprazado (<i>Revolving</i>), co fin de adecuar o pagamento da débeda á súa capacidade financeira; baixo a premisa de que poida amortizar progresivamente a carga da débeda nun período de tempo razoable que evite unha situación de sobreendebedamento e que, deste xeito, poida regularizar a súa situación de incumprimento. Neste suposto, a entidade informará o titular das novas condicións económicas e, de ser o caso, da nova cota que aboar ou a data estimada para a amortización total do crédito con base nesta modificación.
--	---

B. Exemplos representativos

1. Exemplo representativo Pagamento aprazado (*Revolving*).

Modalidade de pagamento:	Modalidade xeral de pagamento aprazado (<i>Revolving</i>).				
Límite de crédito:	1.500,00 €.				
Importe total debido:	2.037,93 € (1.500,00 € de principal, 20 € de comisión por emisión da tarxeta e 517,93 € de xuros). Considérase que vostede dispuxo do importe total do crédito nunha única vez e que non se realizaron novas disposicións ata a súa total amortización.				
Tipo debedor e taxa anual equivalente:	Tipo de xuro nominal anual (TXN) fixo: 14,99%. Taxa anual equivalente (TAE): 16,87%. A TAE foi calculada baixo unha disposición en compras en comercios, polo que podería ser máis elevada para o resto das opcións de disposición de fondos.				
Prazo de amortización:	50 meses.				
Cota para pagar:	Nº cotas	Capital	Xuros	Cota	Capital pendente
	1	26,82 €	18,74 €	45,56 €	1.473,18 €
	2	26,35 €	18,40 €	64,75 €*	1.446,83 €
	3	25,88 €	18,07 €	43,95 €	1.420,95 €
	4	25,41 €	17,75 €	43,16 €	1.395,54 €
	5	24,96 €	17,43 €	42,39 €	1.370,58 €
	6	24,51 €	17,12 €	41,63 €	1.346,07 €
	7	24,08 €	16,81 €	40,89 €	1.322,00 €
	8	23,65 €	16,51 €	40,16 €	1.298,35 €
	9	23,78 €	16,22 €	40,00 €	1.274,57 €
	10	24,08 €	15,92 €	40,00 €	1.250,49 €
	11	24,38 €	15,62 €	40,00 €	1.226,11 €
	12	24,68 €	15,32 €	40,00 €	1.201,43 €
	13	24,99 €	15,01 €	40,00 €	1.176,44 €
	14	25,30 €	14,70 €	40,00 €	1.151,14 €
	15	25,62 €	14,38 €	40,00 €	1.125,52 €
	16	25,94 €	14,06 €	40,00 €	1.099,58 €
	17	26,26 €	13,74 €	40,00 €	1.073,32 €
	18	26,59 €	13,41 €	40,00 €	1.046,73 €
	19	26,92 €	13,08 €	40,00 €	1.019,81 €
	20	27,26 €	12,74 €	40,00 €	992,55 €
	21	27,60 €	12,40 €	40,00 €	964,95 €
	22	27,95 €	12,05 €	40,00 €	937,00 €
	23	28,30 €	11,70 €	40,00 €	908,70 €
	24	28,65 €	11,35 €	40,00 €	880,05 €
	25	29,01 €	10,99 €	40,00 €	851,04 €
	26	29,37 €	10,63 €	40,00 €	821,67 €

Nº cotas	Capital	Xuros	Cota	Capital pendente
27	29,74 €	10,26 €	40,00 €	791,93 €
28	30,11 €	9,89 €	40,00 €	761,82 €
29	30,48 €	9,52 €	40,00 €	731,34 €
30	30,86 €	9,14 €	40,00 €	700,48 €
31	31,25 €	8,75 €	40,00 €	669,23 €
32	31,64 €	8,36 €	40,00 €	637,59 €
33	32,04 €	7,96 €	40,00 €	605,55 €
34	32,44 €	7,56 €	40,00 €	573,11 €
35	32,84 €	7,16 €	40,00 €	540,27 €
36	33,25 €	6,75 €	40,00 €	507,02 €
37	33,67 €	6,33 €	40,00 €	473,35 €
38	34,09 €	5,91 €	40,00 €	439,26 €
39	34,51 €	5,49 €	40,00 €	404,75 €
40	34,94 €	5,06 €	40,00 €	369,81 €
41	35,38 €	4,62 €	40,00 €	334,43 €
42	35,82 €	4,18 €	40,00 €	298,61 €
43	36,27 €	3,73 €	40,00 €	262,34 €
44	36,72 €	3,28 €	40,00 €	225,62 €
45	37,18 €	2,82 €	40,00 €	188,44 €
46	37,65 €	2,35 €	40,00 €	150,79 €
47	38,12 €	1,88 €	40,00 €	112,67 €
48	38,59 €	1,41 €	40,00 €	74,08 €
49	39,07 €	0,93 €	40,00 €	35,01 €
50	35,01 €	0,44 €	35,45 €	0,00 €

Os importes anteriores calculáronse tomando en conta a cota mensual mínima admitida no contrato, consistente en aplicar un 3,00% sobre o saldo resultante, cun mínimo de 40,00 €.

2. Exemplo representativo Pagamento a prazos («Fraccionar compras»).

Modalidade de pagamento:.	Modalidade especial de pagamento a prazos (Fraccionar compras).
Límite de crédito:	1.500,00 €.
Importe total debido:	1.910,43 € (1.500,00 € de principal, 20 € de comisión por emisión da tarxeta e 390,43 € de xuros). Considérase que vostede dispuxo do importe total do crédito nunha única vez e que non se realizaron novas disposicións ata a súa total amortización.
Tipo debedor e taxa anual equivalente:	Tipo de xuro nominal anual (TXN) fixo: 14,99%. Taxa anual equivalente (TAE): 17,09%.
Prazo de amortización:	37 meses.
Cota para pagar:	A primeira cota será de 18,74 € que incluírá exclusivamente xuros. Unha segunda cota de 71,99 € (33,25 € de principal, 20 € de comisión por emisión da tarxeta e 18,74 € de xuros sobre o principal), 34 cotas mensuais constantes de 51,99 € (que estará composta a primeira desas 34 cotas por 33,67 € de principal e 18,32 € de xuros). E a última cota será de 52,04 € (51,04 € de principal e 0,64 € de xuros).

3. Exemplo representativo Pagamento aprazado en comercios

Modalidade de pagamento:	Modalidade especial de pagamento aprazado en comercios.
Límite de crédito:	1.500,00 €.
Importe total debido:	1.644,58 € (1.500,00 € de principal, 20 € de comisión por emisión da tarxeta e 124,58 € de xuros). Considérase que vostede dispuxo do importe total do crédito nunha única vez e que non se realizaron novas disposicións ata a súa total amortización.
Tipo debedor e taxa anual equivalente:	Tipo de xuro nominal anual (TXN) fixo: 14,99%. Taxa anual equivalente (TAE): 18,97%.
Prazo de amortización:	12 meses.
Cota para pagar:	A primeira cota de 135,38 € (composta por 116,64 € de principal e 18,74 € de xuros), unha segunda cota de 155,38 € (118,10 € de principal, 20,00 € de comisión por emisión da tarxeta e 17,28 € de xuros), 9 cotas mensuais de 135,38 € e a última cota será de 135,40 € (133,73 € de principal e 1,67 € de xuros).

INFORMACIÓN NORMALIZADA EUROPEA SOBRE O CRÉDITO AO CONSUMO - Tarxeta de crédito

A información incorporada neste documento ten carácter simplemente informativo.

*A información resaltada en **negra** é especialmente relevante.

1. Identidade e detalles do contacto do prestamista e/ou do intermediario.

Prestamista:	BANKINTER CONSUMER FINANCE, E.F.C., S.A. (en diante, «Bankinter Consumer Finance» ou a entidade).
Enderezo:	Avenida de Bruselas , 12, CP 28108, Alcobendas (Madrid).
Número de teléfono	900 811 311
Correo electrónico :	bankintercard@bankinterconsumerfinance.com
Enderezo da páxina web:	www.bankinterconsumerfinance.com

2. Descrición das características principais do produto de crédito.

Tipo de crédito.	Liña de crédito dispoñible mediante tarxeta de crédito (en diante, a tarxeta), con opción de modalidade de pagamento aprazado (Revolving). A tarxeta é un instrumento de pagamento, propiedade da entidade, que é emitido a nome da persoa física que asina o contrato de tarxeta (o titular ou o titular principal); cuxo nome aparecerá reflectido nela.
Importe total do crédito. É dicir, o importe máximo ou a suma de todas as cantidades postas á disposición do consumidor no marco do contrato de crédito.	A liña de crédito inicial será asignada segundo a análise crediticia e de solvencia que efectúe a entidade en cada caso, cun límite máximo de ata 5.000 €. Unha vez aprobada a solicitude da tarxeta, a entidade informará o titular do límite de crédito asignado, quen deberá aceptalo mediante a sinatura do correspondente documento.
Condicións que rexen a disposición de fondos. É dicir, cando e como o consumidor obterá o diñeiro.	Tras a aprobación da solicitude, a entidade emitirá e proporcionaralle ao titular a tarxeta, coa que poderá dispoñer do límite de crédito finalmente concedido. A tarxeta emítese con carácter persoal e intransferible, polo que o titular será o único autorizado a utilizala e, polo tanto, o único responsable da súa utilización.

	Despois da aceptación previa da entidade, o titular poderá obter tarxetas adicionais (a/s tarxeta/s adicional/ais) a nome doutra ou doutras persoas por el designadas (o/s titular/es adicional/ais), ás que lles serán de aplicación as condicións contidas tanto no contrato da tarxeta (en diante, o contrato) como no contrato da tarxeta adicional. A solicitude de tarxeta/s adicional/ais implicará a aceptación, por parte do titular, dos cargos que a entidade realice na conta asociada á tarxeta (a conta asociada) polas disposicións que se faga con aquela/s. A tarxeta poderase utilizar para realizar as seguintes operacións: a) comprar bens ou obter servizos en calquera establecemento adherido ao sistema de pagamentos da tarxeta (Visa ou MasterCard); b) retirar efectivo a crédito en caixeiros automáticos de calquera entidade adherida ao sistema de pagamentos da tarxeta (Visa ou MasterCard); c) realizar transferencias do crédito dispoñible da tarxeta á conta asociada mediante o servizo de «traspaso de efectivo á túa conta corrente»; d) acceder a outros servizos asociados á tarxeta que sexan ofrecidos pola entidade ou aqueloutros que no futuro puidesen selo. En canto ao/s titular/es adicional/ais, se os houbese, estes poderán, dentro dos límites acordados, dispoñer do crédito mediante o uso da súa tarxeta adicional para realizar calquera das operacións establecidas no apartado anterior, a excepción do servizo de «traspaso de efectivo á túa conta corrente», que será exclusivo para o titular.
Duración do contrato de crédito.	O contrato terá unha duración indefinida, e calquera das partes poderá resolvelo voluntariamente, sen necesidade de xustificar os motivos da súa decisión. No caso de que a resolución sexa por iniciativa do titular, este poderá resolvelo en calquera momento, de forma gratuíta e sen necesidade de aviso previo ningún; será necesario, en todo caso, a liquidación total da débeda pendente. A entidade procederá ao cumprimento da orde de resolución antes de transcorridas 24 horas desde a súa recepción e unha vez xustificado polo titular o pagamento do importe debido á entidade. Se a resolución é por iniciativa da entidade, esta deberalle comunicar ao titular a extinción do contrato cun aviso previo mínimo de dous (2) meses. Non obstante o anterior, a entidade poderá, sen aplicación do aviso previo anterior, resolver anticipadamente o contrato, bloquear ou limitar o uso da tarxeta ou a liña de crédito, así como denegar a súa renovación no caso de: a) que o titular incumpra total ou parcialmente algunhas das obrigas esenciais asumidas en virtude do contrato e, en particular, en caso de: (i) falta de pagamento reiterado e/ou (ii) non atenda as súas obrigas relativas ao uso e custodia da tarxeta ou das credenciais de seguridade nos termos establecidos no contrato.

- b) que se comprobe a falsidade ou ocultación nos datos ou documentos facilitados á entidade para a formalización do contrato ou para o mantemento da súa vixencia, ou existan indicios de fraude ou de graves irregularidades que poidan supoñer un incumprimento das obrigas legais impostas á entidade, en especial, en relación con medidas de prevención de branqueo de capitais, financiamento do terrorismo e/ou defraudación fiscal; ou
- c) que a tarxeta non fose utilizada durante doce (12) meses consecutivos e non haxa crédito disposto pendente, co fin de non lle xerar maiores gastos ao titular.

A resolución do contrato por instancia da entidade implicará que o titular deba reembolsar, de forma anticipada, a totalidade da débeda pendente; o cal poderá facer, sempre que non se trate dunha resolución causal, conforme á modalidade de pagamento e ás condicións de aprazamento seleccionadas no momento da extinción, incluíndo o tipo de xuro pactado nese momento. En caso contrario, o titular deberá proceder á devolución inmediata da débeda, e perderá o beneficio do prazo que, de ser o caso, tivese outorgado.

En calquera dos casos de resolución anteriores, respecto das comisións e gastos que se cobren periodicamente, o titular só aboará a parte proporcional debida ata a resolución do contrato. No caso de que tales comisións e gastos se pagasen por anticipado, reembolsaráselle ao titular de maneira proporcional á duración do prazo que cubra a comisión ou gasto de que se trate. De igual forma, no caso de que o titular teña contratado un seguro de protección de pagamentos (PPI), terá dereito á devolución da parte da prima non consumida nos termos que consten na póliza de seguro.

Sen prexuízo do prazo de duración indefinida do contrato, a tarxeta terá un prazo de validez limitado que figurará impreso nela, e non poderá ser utilizada despois desa data. A entidade estará facultada para renovar a tarxeta ao seu vencemento, así como para substituíla en caso da incorporación de novas funcionalidades non solicitadas expresamente polo titular. Unha vez recibida a nova tarxeta, o titular comprométese a destruír ou a devolverlle á entidade o soporte físico da tarxeta substituída.

Os prazos e, de ser o caso, a orde en que se realizarán os pagamentos a prazos.

• **Modalidades de pagamento. A tarxeta dispón das seguintes modalidades de pagamento:**

A) Modalidades de pagamento xeral. Con carácter xeral, ás operacións realizadas coa tarxeta aplicaráselles, conforme á elección do titular, unha das seguintes modalidades de pagamento:

(i) Pagamento Fin de mes: baixo esta modalidade de pagamento, as disposicións realizadas coa tarxeta, incluíndo os importes que excedan do límite de crédito, deberán ser aboadas, sen xuros, ao finalizar o correspondente período de liquidación¹, xunto coas comisións e/ou gastos que se devindiquen nese período de liquidación.

(ii) Pagamento aprazado (*Revolving*): permítelle ao Titular o pagamento a prazos das disposicións que realice coa tarxeta, e poderá elixir entre aboar mensualmente: (i) unha cantidade fixa, cun mínimo de 40,00 € ou (ii) a cantidade resultante de aplicar unha porcentaxe de entre o 3,00% e o 99,99% sobre o saldo resultante².

En calquera caso, o importe que finalmente se deba aboar non poderá ser inferior a 40,00 € nin á cantidade resultante de aplicar o 3,00% sobre o Saldo Resultante, e deberá comprender: a) a amortización correspondente do Capital Disposto³, excluindo os importes que excedan o límite do crédito, cun mínimo do 0,35%, e b) o total dos xuros xerados; polo que o seu importe podería ser superior ao da opción elixida. Ademais, na cota mensual engadirase a esta cantidade o resto dos conceptos que, de ser o caso, a conformen, isto é, o saldo íntegro dos excesos realizados, as comisións e/ou gastos devindicados, e/ou as cotas das disposicións que se puideran realizar baixo algunha das modalidades de pagamento especial.

Advírtese que, na modalidade de pagamento aprazado (*Revolving*), canto máis pequena sexa a cantidade fixa ou a porcentaxe elixida na cota mensual, dará lugar a que a amortización do crédito disposto se estenda durante un período de tempo máis prolongado, debido á menor proporción da cota que se destinaría a esa amortización, o que supoñería un incremento do importe final debido.

1. O «período de liquidación» é o período mensual no que se producen os cargos e aboamentos tidos en conta para o cálculo da correspondente cota mensual. A data de peche de cada Período de Liquidación realizarase o penúltimo día hábil do mes, aínda que esta data poderá variar dependendo da existencia de días festivos que poidan afectar os procesos internos de liquidación. Por tanto, este período non terá por que coincidir co mes natural. En calquera caso, o Período de Liquidación indicarse en cada extracto mensual.

2. O «saldo resultante» é a suma de: (i) o capital disposto e (ii) os xuros devindicados durante o período de liquidación.

3. O "Capital Disposto" está composto por: i) as disposicións realizadas no Período de Liquidación (compras en comercios, retiradas de efectivo a crédito en caixeiros automáticos ou transferencias de efectivo á túa conta corrente), incluíndo o importe de calquera saldo excedido do límite do crédito; ii) máis o Capital Disposto pendente de amortizar no Período de Liquidación anterior ("Saldo Pendente"); e, de ser o caso, iii) menos as cantidades abonadas ou reembolsadas no Período de Liquidación.

B) Modalidades de pagamento especial. Ademais, o titular poderá aprazar operacións puntuais baixo algunha das seguintes modalidades de pagamento especiais (mantendo para o resto das operacións a modalidade de pagamento xeral establecida):

(i) Pagamento a prazos («Fraccionar compras»): permítelle ao titular financiar o pagamento dunha operación determinada (ou a suma de varias), decidindo: (i) o importe da cota para pagar cada mes ou (ii) o número de meses en que quere aprazar a operación, sen poder ser a cota mensual elixida e/ou resultante inferior a 30,05 € (ou a cantidade mínima que se determine en cada momento).

As operacións relativas aos cargos das comisións non poderán ser financiadas baixo esta modalidade de pagamento.

O importe mínimo para aprazar será 90,00 € (ou a cantidade mínima que se determine en cada momento) e o período de aprazamento deberá oscilar entre 3 e 36 meses (ou as opcións que estean dispoñibles en cada momento), ao que se lle engadirá un período inicial de carencia de capital que contará desde a data de realización do aprazamento ata o final do período de liquidación en que se fixo este. Nesta modalidade de pagamento as cotas mensuais serán constantes, aínda que o importe da cota do período inicial de carencia será diferente ao resto ao estar unicamente composta polos xuros xerados durante ese prazo inicial de carencia. Igualmente, a última cota poderá ser de importe distinto para axustar o importe para devolver entre o número de cotas mensuais elixidas polo titular en cada operación.

(i) Pagamento aprazado en comercios: en aqueles comercios que ofrezan a posibilidade de aprazar o pagamento das compras realizadas, o titular poderá optar, no momento da compra, por fraccionar o pagamento en prazos de 3, 6, 9 ou 12 meses a través de cotas constantes (ou as opcións que estean dispoñibles en cada momento), sempre que o importe mínimo da compra sexa de 60,00 € (ou a cantidade mínima que se determine en cada momento). Esta modalidade de pagamento só estará habilitada se, no momento de se realizar o aprazamento, a tarxeta está baixo a modalidade xeral de pagamento Fin de mes.

Advírtese que as disposicións realizadas coa tarxeta baixo as modalidades de pagamento A(ii), B(i) e B(ii), que supoñen un aprazamento no pagamento, devindicarán diariamente xuros liquidables de forma mensual, conforme ao tipo de xuro nominal anual (TXN) pactado para cada unha destas modalidades.

• **Modalidade de pagamento establecida.** No momento da activación da tarxeta, o titular deberá elixir entre unha das dúas modalidades de pagamento xeral anteriormente sinaladas, así como, en caso de seleccionar a modalidade de pagamento aprazado (*Revolving*), a porcentaxe ou a cantidade fixa mensual que aboar, respectando sempre o importe mínimo anteriormente indicado para esta modalidade de pagamento.

- **Modificación da modalidade de pagamento establecida. El titular poderá modificar a modalidade de pagamento xeral que teña elixida de entre as distintas opcións habilitadas na tarxeta. Ademais, no caso da modalidade de pagamento aprazado (Revolving), poderá cambiar a porcentaxe ou a cantidade fixa que pagar mensualmente coa tarxeta, respectando a cota mensual mínima para esa modalidade, conforme ao sinalado previamente. Calquera destes cambios poderase realizar ata cinco (5) días naturais antes do fin do período de liquidación en curso, mediante unha simple chamada telefónica ao número 900 811 311, a través da web www.bankinterconsumerfinance.com, pola app ou por calquera outra canle posta á disposición dos clientes.**

Agora ben, se o titular cambia da modalidade xeral de pagamento Fin de mes á modalidade de pagamento aprazado (Revolving), calcularanse xuros polos movementos que realizase coa súa tarxeta durante o período de liquidación en que se produza a modificación (xa sexan compras en comercios, retiradas de efectivo a crédito en caixeiros automáticos ou traspasos de efectivo á túa conta corrente) e o importe da cota mensual para pagar nese período de liquidación calcularase en función da porcentaxe ou a cantidade escollida.

Para o caso de que cambie de modalidade xeral de pagamento aprazado (Revolving) á modalidade de pagamento Fin de mes, non se devindicarán xuros polos movementos realizados coa tarxeta nese período de liquidación. Con todo, a cota mensual para pagar ao peche dese período de liquidación si poderá comprender: (i) o saldo pendente derivado das operacións realizadas baixo a modalidade de pagamento Pagamento aprazado (Revolving) en períodos de liquidación anteriores; (ii) os xuros devindicados sobre ese saldo pendente no período de liquidación anterior, conforme á modalidade de pagamento Pagamento aprazado (Revolving); (iii) e a suma dos movementos realizados coa tarxeta no período de liquidación do cambio.

En todo caso, a modificación da modalidade de pagamento xeral non afectará o reembolso das disposicións que se realizaron a través dalgunha das modalidades de pagamento especial da tarxeta, que se continuarán aboando conforme ás condicións desa modalidade de pagamento especial e á forma de aprazamento seleccionado para cada unha delas.

- **Reembolso. Ao finalizar cada período de liquidación, a entidade emitirá o correspondente recibo coa cota mensual que deberá aboar o titular polo uso da tarxeta durante ese período de liquidación, xunto co importe da prima do seguro de protección de pagamentos (PPI), se o titular o contratou. O importe do recibo enviarase á cobranza, para o seu cargo na conta asociada, entre o día hábil seguinte ao peche do período de liquidación e os cinco (5) primeiros días hábiles do mes seguinte ao período de liquidación .**

Dependendo da modalidade de pagamento xeral elixida polo titular en cada momento, a cota mensual que aboará o titular estará composta polos seguintes conceptos:

a) Pagamento Fin de mes:

- (i) a amortización total do capital disposto;
- (ii) o importe total das comisións e gastos devindicados durante o correspondente período de liquidación;
- (iii) as cotas das disposicións realizadas baixo algunha das modalidades de pagamento especial; e
- (iv) de ser o caso, os xuros devindicados sobre o saldo pendente disposto baixo a modalidade xeral de pagamento aprazado (*Revolving*) no período de liquidación anterior.

b) b) Pagamento aprazado (*Revolving*):

- (i) a amortización correspondente do capital disposto, excluindo os importes que excedan o límite de crédito, cos requisitos mínimos establecidos;
- (ii) o saldo íntegro dos excesos realizados durante o correspondente Período de Liquidación;
- (iii) os intereses totais devengados durante o correspondente Período de Liquidación;
- (iv) o importe total das comisións e gastos devindicados durante o correspondente período de liquidación; e
- (v) as cotas das disposicións realizadas baixo algunha das modalidades de pagamento especial;

Teña en conta que a prima do seguro de protección de pagamentos (PPI), en caso de tela contratada, non forma parte da cota mensual da tarxeta e, polo tanto, o seu importe non é tido en conta para o cálculo desta.

- Imputación de pagamentos. Os pagamentos efectuados a favor da entidade imputaranse aos conceptos dos recibos resultantes, seguindo a seguinte orde de amortización:

- (i) os xuros remuneratorios, aplicándose estes pagamentos, en primeiro lugar, ás cantidades cuxo tipo de xuro sexa menor e así sucesivamente ata chegar ás de maior tipo de xuro;
- (ii) as comisións e gastos;
- (iii) o capital disposto, imputándose os pagamentos, en primeiro lugar, ás cantidades suxeitas a un menor tipo de xuro nominal e así sucesivamente ata chegar ás de maior tipo de xuro nominal; e
- (iv) a prima do seguro de protección de pagamentos (PPI), se o titular o contratou.

Pola súa banda, en caso de falta de pagamento, a imputación realizarase coa seguinte orde:

- (i) o importe do recibo mensual, empezando polo recibo non pagado máis antigo, salvo que o titular manifeste o contrario como consecuencia da aceptación ou rexeitamento do recibo que se cargue na conta asociada;
- (ii) os xuros moratorios; e
- (iii) os gastos de reclamación de posición debedora vencida.

Importe total que deberá vostede pagar. É dicir, o importe do capital prestado máis os xuros e posibles gastos relacionados co seu crédito.	O importe total que se deberá aboar dependerá do límite finalmente asignado e das disposicións efectuadas, así como dos xuros e comisións que se devindiquen en virtude da forma de pagamento e/ou o período de aprazamento aplicado en cada caso concreto.
Os reembolsos non supoñen a inmediata amortización do capital.	Os reembolsos realizados polo titular non supoñen a inmediata amortización do crédito disposto, senón que serven para a reconstrución mensual do importe dispoñible do crédito ata o límite máximo asignado. O contrato non prevé unha garantía de reembolso do importe total do crédito que se dispuxo en virtude deste .

2. Custos do crédito.

O tipo debedor ou, se procede, os diferentes tipos debedores que se aplican ao contrato de crédito.	En función da modalidade de pagamento elixida polo titular, serán de aplicación os seguintes tipos de xuro nominal anual (TXN):		
	A) Modalidade de pagamento xeral:		
	(i) Pagamento Fin de mes: sen xuros.		
	(ii) Pagamento aprazado (<i>Revolving</i>):		
	• Compras en comercios e traspasos de efectivo á túa conta corrente: 14,99%.		
	• Retirada de efectivo a crédito en caixeiros automáticos: 12,11%.		
	Fórmula de cálculo: o importe total dos xuros para aboar baixo a modalidade de pagamento Pagamento aprazado (<i>Revolving</i>) obtense da suma dos xuros diarios devindicados sobre o capital disposto diario ⁴ máis os xuros devindicados sobre o saldo pendente; e que son calculados conforme ás seguintes fórmulas:		
	- Xuros diarios:		
	<table><tr><td>$i = c \times R \times t / 365 \text{ días (366 en anos bisestos)}$</td></tr><tr><td> - i = xuros diarios durante o período de liquidación. - c = capital disposto diario durante o período de liquidación. - R = tipo de xuro nominal anual (TXN). - t = número de días transcorridos do período de liquidación. </td></tr></table>	$i = c \times R \times t / 365 \text{ días (366 en anos bisestos)}$	- i = xuros diarios durante o período de liquidación. - c = capital disposto diario durante o período de liquidación. - R = tipo de xuro nominal anual (TXN). - t = número de días transcorridos do período de liquidación.
	$i = c \times R \times t / 365 \text{ días (366 en anos bisestos)}$		
- i = xuros diarios durante o período de liquidación. - c = capital disposto diario durante o período de liquidación. - R = tipo de xuro nominal anual (TXN). - t = número de días transcorridos do período de liquidación.			
- Xuros sobre o saldo pendente:			
<table><tr><td>$I = c \times R \times 30 \text{ días}$</td></tr><tr><td> - I = xuros sobre o saldo pendente. - c = saldo pendente. - R = tipo de xuro nominal diario. </td></tr></table>	$I = c \times R \times 30 \text{ días}$	- I = xuros sobre o saldo pendente. - c = saldo pendente. - R = tipo de xuro nominal diario.	
$I = c \times R \times 30 \text{ días}$			
- I = xuros sobre o saldo pendente. - c = saldo pendente. - R = tipo de xuro nominal diario.			

4. O «capital disposto diario» está composto por: (i) as disposicións diarias realizadas (compras en comercios, retiradas de efectivo a crédito en caixeiros automáticos ou traspasos de efectivo á túa conta corrente), incluíndo o importe de calquera saldo excedido do límite do crédito; (ii) máis o capital disposto diario do día anterior; e, de ser o caso, (iii) menos as cantidades aboadas ou reembolsadas diarias.

B) Modalidades de pagamento especiais:

(i) Pagamento a prazos («Fraccionar compras»): 14,99%.

(ii) Pagamento aprazado en comercios: 14,99%.

Fórmula de cálculo modalidades de pagamento especiais:

$I = c \times R \times 30 \text{ días}$
- I = xuros mensuais. - c = importe da transacción (ou suma de varias). - R = tipo de xuro nominal diario.

Taxa anual equivalente (TAE).

A TAE é o custo total do crédito expresado en forma de porcentaxe anual do importe total do crédito.

A TAE serve para comparar diferentes ofertas.

En función da modalidade de pagamento elixida polo titular, aplicaranse as seguintes taxas anuais equivalentes (TAE):

A) Modalidades de pagamento xeral:

(i) Pagamento Fin de mes: 5,38% TAE (0,00% TEDR)⁵. A TAE indicada foi calculada baixo unha disposición en compras en comercios e podería ser máis elevada para o resto das opcións de disposición de fondos.

Exemplo representativo. Si, desde o primeiro día de vixencia do Contrato, vostede realiza compras de 1.500,00 € durante 12 meses, a amortizar ao final de cada un dos Períodos de Liquidación, cunha comisión por emisión da Tarxeta de 20,00 € e cunha comisión de mantemento de 60,00 €, co tipo de interese nominal anual fixo do 0,00% (5,38% T.A.E.): o importe total a pagar ascendería a 18.080,00 € (18.000,00 € de capital e 80,00 € de comisións), a través de 12 cota de 1.500,00 € cada unha (1.500,00 € de capital). A comisión por emisión da Tarxeta de 20,00 € engadirase á segunda cota, e a comisión de mantemento de 60,00 € que se devenga anualmente, aboarse no seguinte recibo do Período de Liquidación que se emita transcorrido un ano desde a emisión da tarxeta.

(ii) Pagamento aprazado (Revolving):

• Compras en comercios e traspasos de efectivo á túa conta corrente: 16,87% TAE (16,06% TEDR).

Exemplos representativos:

- Se o primeiro día de vixencia do contrato realiza unha compra de 1.500,00 €, cunha cota mensual correspondente á cantidade resultante de aplicar un 3,00 % ao saldo resultante (cun mínimo de 40,00 €), reembolsable baixo o sistema de amortización de pagamento aprazado (Revolving), cunha comisión por emisión da tarxeta de 20,00 € e co tipo de xuro nominal anual fixo de 14,99 % (16,87 % TAE): o importe total que pagar ascendería a 2.037,93 € (1.500,00 € de capital, 20,00 € de comisión e 517,93 € de xuros), a través de 50 cotas mensuais, onde a primeira cota sería de 45,56 € (26,82 € de capital e 18,74 € de xuros), unha segunda cota de 64,75 € (26,35 € de capital, 20 € de comisión e 18,40 € de xuros) e a cota final de 35,45 € (35,01 € de capital e 0,44 € de xuros).

5. O TEDR (Tipo Efectivo Definición Restrinxida) é o compoñente de tipo de xuro da T.A .E. e calcúlase como a T.A .E. excluindo os gastos e comisións.

Para máis información do cadro de amortización deste exemplo, consulta https://www.bankinterconsumerfinance.com/amortizacion_enjoy_aena_premium.pdf.

- Se o primeiro día de vixencia do contrato vostede realiza unha compra de 1.500,00 €, para amortizar no prazo de 12 meses baixo o sistema de cotas constantes, cunha comisión por emisión da tarxeta de 20,00 € e co tipo de xuro nominal anual fixo de 14,99 % (18,97 % TAE): o importe total que pagar ascendería a 1.644,58 € (1.500,00 € de capital, 20,00 € de comisión e 124,58 € de xuros), a través dunha primeira cota de 135,38 € (116,64 € de capital e 18,74 € de xuros), unha segunda cota de 155,38 € (118,10 € de capital, 20,00 € de comisión e 17,28 € de xuros), 9 cotas de 135,38 € e unha cota final de 135,40 € (133,73 € de capital e 1,67 € de xuros).

- **Retirada de efectivo a crédito en caixeiros automáticos: 24,85% TAE (12,80% TEDR)**

Exemplo representativo. Se o primeiro día de vixencia do contrato vostede realiza unha retirada en caixeiros automáticos de 1.500,00 €, para amortizar no prazo de 12 meses baixo o sistema de cotas constantes, cunha comisión pola retirada en caixeiros automáticos do 4,00 % sobre o importe disposto, cunha comisión por emisión da tarxeta de 20,00 € e co tipo de xuro nominal anual de 12,11 % (24,85 % TAE): o importe total que pagar ascendería a 1.680,20 € (1.500,00 € de capital, 80,00 € de comisións e 100,24 € de xuros), a través dunha primeira cota de 193,35 € (118,21 € de capital, 60,00 € de comisión pola retirada en caixeiros automáticos e 15,74 € de xuro), unha segunda cota de 153,35 € (119,41 € de capital, 20,00 € de comisión e 13,94 € de xuros), 9 cotas mensuais de 133,35 € e unha cota final de 133,35 € (132,02 € de capital e 1,33 € de xuros).

B) Modalidades de pagamento especiais:

- (i) **Pagamento a prazos («Fraccionar compras»): 18,77% TAE (16,07% TEDR). A TAE indicada poderá variar en función do día do mes de contratación.**

Exemplo representativo. Se o primeiro día de vixencia do contrato vostede realiza unha disposición de 1.500,00 €, para amortizar no prazo de 12 meses baixo o sistema de cotas constantes, cunha comisión por emisión da tarxeta de 20,00 € e a un tipo de xuro nominal anual fixo do 14,99 % (18,77% TAE): o importe total que pagar ascendería a 1.653,50 € (1.500,00 € de capital, 20,00 € de comisión e 133,50 € de xuros), a través dunha primeira cota de 18,74 € que inclúe exclusivamente xuros, unha segunda cota de 166,80 € (128,06 € de capital, 20,00 € de comisión e 18,74 € de xuros), 9 cotas mensuais de 146,80 € e unha cota final de 146,76 € (144,95 € de capital e 1,81 € de xuros).

(ii) Pagamento aprazado en comercios: 18,97% TAE (16,07% TEDR). A TAE indicada poderá variar en función do día do mes de contratación.

Exemplo representativo. Se o primeiro día de vixencia do contrato vostede realiza unha disposición de 1.500,00 €, para amortizar no prazo de 12 meses baixo o sistema de cotas constantes, cunha comisión por emisión da tarxeta de 20,00 € e a un tipo de xuro nominal anual fixo do 14,99 % (18,97 % TAE): o importe total que pagar ascendería a 1.644,58 € (1.500,00 € de capital, 20,00 € de comisión e 124,58 € de xuros), a través dunha primeira cota de 135,38 € (116,64 € de capital e 18,74 € de xuros), unha segunda cota de 155,38 € (118,10 € de capital, 20,00 € de comisión e 17,28 € de xuros), 9 cotas mensuais de 135,38 € e unha cota final de 135,40 € (133,73 € de capital e 1,67 € de xuros).

É obrigatorio para obter o crédito en si, ou nas condicións ofrecidas, tomar unha póliza de seguros que garanta o crédito, ou outro servizo accesorio?

Se os custos destes servizos non son coñecidos do prestamista, non se inclúen na TAE.

Non.

Custos relacionados.

Importe dos custos por utilizar un medio de pagamento específico (por exemplo, unha tarxeta de crédito).

• **Comisión polo servizo de mantemento da tarxeta:**

TIPO DE TARXETA	IMPORTE
Tarxeta principal	60,00 €
Tarxeta/s adicional/ais	Rexerase polo contrato desta tarxeta no momento de solicitude

Esta comisión devindicarase con carácter anual, transcorrido o primeiro ano desde a emisión da tarxeta, e liquidarase no recibo correspondente ao período de liquidación no que se produciu a emisión desa tarxeta. Esta comisión non se cobrará no caso de que, polo menos unha vez no ano inmediatamente anterior ao seu pagamento, o titular aprace ou fraccione a devolución dalgún dos importes dispostos facendo uso da modalidade xeral «Pagamento aprazado (*Revolving*)» ou das modalidades especiais «Pagamento a prazos (Fraccionar compras)» ou «Pagamento aprazado en comercios».

• **Comisión polo servizo de emisión da tarxeta:**

TIPO DE TARXETA	IMPORTE
Tarxeta principal	20,00 €
Tarxeta/s adicional/ais	Rexerase polo contrato desta tarxeta no momento de solicitude

	Esta comisión devindicarase unha única vez e liquidarase no recibo correspondente ao período de liquidación seguinte ao que se produciu a activación da tarxeta e liquidarase no recibo do período de liquidación correspondente. • Comisión polo servizo de emisión de duplicado de tarxeta ou segundo plástico: 25,00 €. Esta comisión devindicarase na data de emisión do duplicado ou segundo plástico e liquidarase no recibo do período de liquidación correspondente. • Comisión polo servizo de traspaso de efectivo á túa conta corrente: 4,00% calculado sobre o importe disposto (mín. 3,00 €). Mediante esta comisión retribúeselle á entidade polo servizo «traspaso de efectivo á túa conta corrente» baixo a modalidade xeral de pagamento Fin de mes. Esta comisión devindicarase no momento da disposición de efectivo e liquidarase no recibo do período de liquidación correspondente. • Comisión polo servizo de retirada de efectivo a crédito en caixeiros automáticos: 4,00% sobre o importe disposto (mín. 3,00 €). Mediante esta comisión retribúeselle á entidade polo servizo de retirada de efectivo a crédito coa tarxeta, en calquera das modalidades de pagamento xeral, en caixeiros automáticos de calquera entidade adherida ao sistema de pagamentos da tarxeta. Esta comisión devindicarase no momento da retirada de efectivo e liquidarase no recibo do período de liquidación correspondente. Adicionalmente, a entidade poderalle repercutir ao titular ata o 100% da comisión por retirada de efectivo que a entidade propietaria do caixeiro automático lle cobre á entidade. • Comisión polo uso de redes internacionais: Sen comisión polo uso de redes internacionais das disposicións en caixeiros automáticos, compras en comercios ou compras por Internet que se realicen fóra da zona SEPA (incluíndo Andorra, Montenegro e Cidade do Vaticano).
Demais custos derivados do contrato de crédito.	• Comisión de excedido: aplicarase unha comisión fixa de 20,00 € polo excedido do límite de crédito pactado na Tarxeta, que se lle retribúe á entidade pola facilidade crediticia que concede ao permitirlle ao titular superar ese límite de crédito. Esta comisión devindicarase na data na que se produza o excedido e liquidarase no recibo do período de liquidación correspondente. Agora ben, esta comisión non se reiterará como consecuencia dun mesmo excedido, aínda no caso de que este se prolongue en sucesivas liquidación do crédito.
Condicións en que se poden modificar os gastos antes mencionados relacionados co contrato de crédito.	Ao tratarse dun contrato de duración indefinida, a entidade, de conformidade coa normativa vixente, poderá propoñer calquera modificación das condicións contractuais da tarxeta cunha antelación non inferior a dous (2) meses a que entre en vigor. Dita modificación poderá afectar tanto ás condicións aplicadas aos servizos de pagamento como ao crédito asociado á Tarxeta, incluíndo a elevación do tipo de xuro, das comisións e os gastos acordados, ou a variación de calquera outro elemento que poida supoñer unha modificación á alza do custo total do crédito concedido.

Neses supostos, o Titular será informado, de xeito individualizado, dos extremos en que consista a modificación e das razóns que a motivaron (por exemplo, un cambio normativo ou xurisprudencial, un aumento dos nosos custos ou unha variación das circunstancias do mercado).

O titular poderá aceptar ou rexeitar as modificacións do contrato antes da data proposta para a súa entrada en vigor polo mesmo medio no que lle sexan comunicadas. Se o titular non estivese conforme coas modificacións propostas, con anterioridade á súa entrada en vigor, poderá resolver o contrato sen custo ningún e con dereito á devolución proporcional das comisións e gastos satisfeitos por anticipado, e deberá aboar en tal caso o importe da débeda pendente no momento da resolución (o que poderá facer segundo a modalidade de pagamento e as opcións de aprazamento seleccionadas polo titular nese momento, aplicándose as condicións de tipo de xuro pactadas con anterioridade á modificación proposta), e quedará inutilizada a tarxeta para o seu uso. Pola contra, se transcorrido o prazo de aviso previo, o titular non manifestase a súa desconformidade coa modificación proposta, entenderase que o cambio foi aceptado por aquel e, polo tanto, a entidade poderá proceder á súa aplicación.

Non obstante o anterior, a entidade poderá aplicar de maneira inmediata todas aquelas modificacións que, inequivocamente, resulten máis favorables para o titular.

Así mesmo, a entidade poderá, de forma unilateral, aumentar ou reducir o límite do crédito autorizado despois da comunicación previa individualizada ao titular cunha antelación mínima dun (1) mes; onde se lle informará do novo límite aplicable, do importe da débeda acumulada ata ese momento, así como, de ser o caso, da nova cota que deberá pagar respecto de cada unha das súas modalidades de pagamento. Entenderase que a redución ou aumento do límite de crédito é aceptada polo titular se, transcorrido o prazo de aviso previo, este non manifestase a súa desconformidade con esta modificación e, de ser o caso, solicitase a resolución do contrato.

Custos en caso de pagamentos atrasados.

A non realización dun pagamento poderá carrexarlle graves consecuencias (por exemplo, a venda forzosa) e dificultar a obtención dun crédito.

- **Xuros de demora: en caso de que o titular non aboe a cota mensual dalgún dos recibos mensuais da tarxeta, a entidade poderalle devindicar, desde a data do vencemento do pagamento dese recibo, un tipo de xuro nominal fixo consistente en incrementar en dous (2) puntos porcentuais o menor dos tipos de xuro remuneratorios aplicados ás operacións do recibo non pagado.**

Os xuros de demora devindicaranse de forma diaria e liquidaranse mensualmente conforme á fórmula descrita a continuación:

$$i = [c \times (r / 100) / 365] \times t$$

- i = xuros de demora.
- c = importe da cota do recibo non pagado.
- r = tipo de xuro de demora.
- t = número de días transcorridos entre a data de emisión do recibo orixinal e a data do seu aboamento.

Aínda que os xuros remuneratorios e as comisións vencidas e non pagadas á súa liquidación non se capitalizarán para o cálculo dos xuros ordinarios, estas cantidades si que poderán devindicar xuros de demora desde a data de falta de pagamento, así como, de ser o caso, os gastos de reclamación de posición debedora.

- Gastos por reclamación de posición debedora vencida: no caso de que o titular incumpra unha obriga de pagamento ao seu vencemento nos termos pactados no contrato, a entidade poderalle cobrar ao titular os gastos derivados das xestións realizadas para a cobranza desta posición debedora, co fin de se resarcir dos custos incorridos e que comportan o uso de medios materiais e humanos. Estas xestións poderán consistir, en función do importe debido, no envío de correos, SMS, cartas, burofaxes, realización dunha ou de diversas chamadas, e comprenderán igualmente os custos de xestión que supoñen para as oficinas ou para os colaboradores da entidade. Os gastos por reclamación de posición debedora repercutiranse segundo a desagregación que consta a continuación:

NON PAGADO	GASTO PARA REPERCUTIR
Ata 17,99 €	0,00 €
Desde 18,00 € a 29,99 €	17,00 €
Desde 30,00 € a 35,00 €	29,00 €
Desde 35,01 €	35,00 €

Estes gastos devindicaranse e liquidaranse unicamente despois de realizar efectivamente as concretas xestións de cobranza descritas e unha mesma falta de pagamento non poderá xerar máis dunha compensación. Pola súa diferente natureza e finalidade, a repercusión de tales gastos será compatible coa aplicación dos xuros de demora devindicados polo incumprimento da obrigación de pagamento nos termos pactados no contrato.

- Doutra banda, en caso de incumprimento polo titular das súas obrigas contractuais, a entidade poderá reducir o límite de crédito da tarxeta, despois de comunicarllo previamente cunha antelación de dez (10) días naturais.
- Adicionalmente, en caso de non aboar as cantidades debidas dentro dos prazos acordados, a entidade poderá: (i) deixar sen efecto calquera oferta ou aboamento promocional, (ii) reclamar a débeda por vía xudicial, cos consecuentes gastos que isto podería carrexar; (iii) comunicarlles os datos relativos á falta de pagamento aos sistemas de información crediticia nos que a entidade participe; e (iv) propoñer modificacións contractuais, resolver o contrato, así como bloquear ou limitar o uso da tarxeta ou a liña de crédito.

3. Outros aspectos xurídicos importantes.

Dereito de desistencia.

Vostede ten dereito a desistir do contrato de crédito no prazo de 14 días naturais.

Si.

Reembolso anticipado. Vostede ten dereito a reembolsar anticipadamente o crédito total ou parcialmente en calquera momento.	Si.
O prestamista ten dereito de compensación en caso de reembolso anticipado.	Non. O reembolso anticipado do saldo debido non determinará a favor da entidade dereito de compensación.
Consulta dunha base de datos. O prestamista ten que informalo de inmediato e sen cargo do resultado dunha consulta dunha base de datos se se rexeitase a solicitude de crédito sobre a base dunha consulta deste tipo. Isto non se aplica se a difusión desta información está prohibida por unha lei ou polo Dereito da Unión Europea ou é contraria aos obxectivos de orde pública ou da seguridade pública.	No proceso de análise de risco crediticio consúltanse sistemas de información crediticia. No caso de que a solicitude sexa rexeitada por algún destes motivos, o titular será informado con detalle dos resultados desta consulta e da base de datos consultada, salvo que haxa unha norma da Unión Europea de aplicación directa que así o prevexa, ou sexa contrario a obxectivos de orde pública ou de seguridade pública.
Dereito a un proxecto de contrato de crédito. Vostede ten dereito, con petición previa, a obter de forma gratuíta unha copia do proxecto de contrato de crédito. Esta disposición non se aplicará se no momento da solicitude o prestamista non está disposto a celebrar con vostede o contrato de crédito.	O titular ten dereito, con petición previa, a obter de forma gratuíta unha copia do proxecto do contrato da tarxeta.

Período durante o cal o prestamista está vinculado pola información precontractual.	Esta información será válida desde a data da súa emisión ata os catorce (14) días naturais seguintes. En todo caso, a concesión da tarxeta estará suxeita á aprobación da entidade, coa avaliación previa do perfil crediticio e da solvencia do solicitante.
--	--

4. Información adicional en caso de comercialización a distancia de servizos financeiros.

a) Relativa ao prestamista.

Rexistro.	Bankinter Consumer Finance é unha entidade de pagamento híbrida, inscrita no Banco de España baixo o núm. 8832, con CIF núm A -82650672, ten o seu domicilio social en Avenida de Bruselas, 12, C.P. 28108, Alcobendas (Madrid), está inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid ao Tomo 22.729, Folio 181, Folla número M-259543.
A autoridade de supervisión.	Entidade supervisada polo Banco de España, en Calle Alcalá, 48, 28014, Madrid (www.bde.es).

b) Relativa ao contrato de crédito.

Exercicio do dereito de desistencia	O titular poderá, durante os catorce (14) días naturais seguintes á perfección do contrato —é dicir, desde o momento da activación da tarxeta ou do seu enrolamento en calquera dos moedeiros virtuais (<i>wallets</i>) habilitados— ou ben, se fose posterior, desde a data de recepción do contrato, desistir del sen necesidade de indicar os motivos e sen custos adicionais. O titular poderá exercer o seu dereito de desistencia mediante escrito dirixido ao domicilio social da entidade (Avenida de Bruselas, 12, CP 28108, Alcobendas, Madrid) ou a través de calquera outro medio admitido en dereito. En caso de exercer tal dereito, o titular deberá devolver as cantidades que, de ser o caso, lle fosen desembolsadas pola entidade (capital e xuro devindicados sobre ese capital entre a data de disposición do crédito e a data de reembolso do capital) sen atraso indebido e como moi tarde aos trinta (30) días naturais de lle enviar a notificación de desistencia á entidade. Ademais, deberá proceder, de ser o caso, á devolución ou destrución do soporte físico da tarxeta. Os xuros debidos calcularanse conforme ao tipo debedor acordado para as disposicións realizadas e non se aplicará ningunha outra compensación a favor da entidade, salvo os gastos non reembolsables que, de ser o caso, lle fosen aboados por esta á Administración pública. Consecuencias de non exercelo: en caso de non exercer tal dereito dentro dos prazos previstos, o contrato entenderase vixente para todos os seus efectos, e poderá ser resolto de conformidade co disposto no contrato.
-------------------------------------	--

A lexislación que o prestamista acepta como base para o establecemento de relacións con vostede antes da celebración do contrato de crédito	Lexislación española e, en particular, a Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo; a Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira; a Orde ECE/1263/2019, do 26 de decembro, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento; a Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente de servizos bancarios; a Circular 5/2012, do 27 de xuño, do Banco de España, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos; a Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados a consumidores; e calquera outra normativa que as complementen ou substitúan.
Cláusula sobre a lexislación aplicable que rexe en relación co contrato de crédito e/ou tribunal competente.	O contrato rexerase pola lexislación española e, en particular, pola normativa exposta no apartado anterior. As partes contratantes sinalan como foro competente para calquera cuestión, discrepancia, reclamación ou litixio que se poida derivar do contrato o dos xulgados e tribunais do domicilio do consumidor.
Réxime lingüístico.	Co consentimento do titular, os termos contractuais, así como a información e o resto das comunicacións que se realicen durante a vixencia do contrato facilitaranse en castelán, salvo que legalmente fose esixible a utilización doutra lingua oficial distinta.
c) Relativa ao recurso.	
Existencia e acceso aos procedementos extraxudiciais de reclamación e recurso.	En caso de non estar conforme sobre algunha cuestión relacionada co contrato, o titular poderá acudir ao Servizo de Atención ao Cliente da entidade mediante: (i) correo postal, dirixido á Calle Pico San Pedro, 1, CP 28760, Tres Cantos (Madrid); (ii) chamada telefónica ao número 900 802 081; (iii) correo electrónico, ao enderezo incidencias_sac.bankinter@bankinter.es; ou (iv) a través da súa web www.bankinterconsumerfinance.com. O Servizo de Atención Cliente resolverá as queixas e reclamacións recibidas: (i) sobre cuestións relacionadas cos servizos de pagamento ofrecidos baixo este contrato, no prazo de quince (15) días hábiles desde a súa recepción, salvo en situacións excepcionais nas que a resposta poderá ser comunicada ata no prazo dun (1) mes; e (ii) sobre cuestións relacionadas co crédito concedido baixo este contrato, no prazo máximo dun (1) mes desde a súa presentación; E todo iso de conformidade co recollido para ese efecto no seu regulamento, o cal está á disposición do titular na web www.bankinterconsumerfinance.com ou chamando ao teléfono 900 802 081. O Titular, se o caso non fose resolto ou se estivese en desacordo coa decisión final da súa reclamación ou queixa, poderá dirixirse ao Servizo de Reclamacións do Banco de España, Rúa Alcalá, 48, 28014, Madrid, nos termos legalmente establecidos en cada momento.

A entidade informa o titular de que terá posibilidade de acudir a calquera outra entidade ou organismo de resolución alternativa de litixios que, en cada momento, estea habilitado pola normativa vixente, conforme ao procedemento establecido para o efecto. Todo iso estará á disposición do titular na web: www.bankinterconsumerfinance.com.

Así mesmo, comunícaselle que a entidade está adherida á Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial (AUTOCONTROL), polo que, en caso de controversias relativas á publicidade, o titular poderá acudir ao sistema de resolución extraxudicial de controversias do Xurado da Publicidade de AUTOCONTROL (www.autocontrol.es).

INFORMACIÓN ADICIONAL. Orde ECE/1263/2019, do 26 de decembro, sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento.

Este documento complétase coa Información Normalizada Europea (INE) que se entrega simultaneamente.

*A información resaltada en **negra** é especialmente relevante.

1. Sobre a utilización dos servizos de pagamento.

Principais características do instrumento de pagamento e das formas da súa utilización	A tarxeta é propiedade da entidade e emítese con carácter persoal e intransferible a nome do titular, quen poderá facer uso desta , baixo calquera das modalidades de pagamento dispostas na sección «Os prazos e, de ser o caso, a orde en que se realizarán os pagamentos a prazos» da Información Normalizada Europea, para realizar calquera das accións establecidas no apartado «Condicións que rexen a disposición de fondos» do citado documento.
Información ou identificador único que o usuario de servizos de pagamento debe facilitar para a correcta execución dunha orde de pagamento.	O identificador único da tarxeta é o número que figura impreso nela (PAN). Este identificador poderá ser modificado pola entidade cando a tarxeta sexa substituída por outra. Se o identificador único facilitado polo titular fose incorrecto, a entidade non será responsable da execución defectuosa ou non execución da operación de pagamento.
Forma e procedemento polo que se deben comunicar o consentimento para a execución dunha operación de pagamento e a retirada deste consentimento.	A execución dunha operación de pagamento realizada coa tarxeta requirirá o consentimento do titular, que se poderá prestar mediante: a) a presentación da tarxeta no establecemento, acreditando a súa identidade, e a sinatura das facturas ou comprobantes que se estendan para o efecto; b) a introdución ou o achegamento da tarxeta nos terminais de punto de venda e/ou caixeiros automáticos nos que se rexistre a operación e, de ser o caso, a marcación do número de identificación persoal (PIN) da tarxeta; c) en caso de operacións de pagamento realizadas pola internet ou outras canles a distancia, facilitación dos datos de identificación da tarxeta (PAN, data de caducidade e/ou código de verificación da tarxeta «CVV») e introdución do PIN, das credenciais de seguridade e/ou dos mecanismos de autenticación esixidos de ser o caso pola entidade. O consentimento para a execución dunha operación de pagamento poderase dar tamén por conduto dun beneficiario. Ademais, despois de asinar, de ser o caso, o contrato de «Banca Online», o titular tamén poderá autorizar diversas operacións pola páxina web da entidade, a app e/ou o servizo telefónico posto á disposición dos clientes; para o que deberá facilitar as súas credenciais de seguridade e/ou os mecanismos de autenticación establecidos para o efecto. Unha vez que a operación de pagamento fose autorizada polo titular, conforme ao indicado anteriormente, e a orde de pagamento fose recibida pola entidade, o titular non poderá retirar o consentimento dado. No caso de que a operación de pagamento sexa iniciada polo beneficiario ou a través del, esta non poderá ser revogada polo titular unha vez consentise a súa execución.

	O consentimento da operación implica a aceptación polo titular, como importe real e exacto das disposicións realizadas coa tarxeta, das cantidades que, de ser o caso, aparezan no comprobante expedido no caixeiro automático ou no terminal de punto de venda, ou que figuren na factura asinada; e a entidade estará facultada para emitir o correspondente recibo, con base nestes importes, e o seu cargo na conta asociada.						
Momento de recepción dunha orde de pagamento, e, de ser o caso, a hora límite establecida polo provedor de servizos de pagamento.	As ordes de pagamento emitidas polo titular entenderanse recibidas pola entidade no momento da súa recepción. Con todo, si a recepción tivese lugar un día inhábil, para efectos bancarios, a orde de pagamento considerárase recibida o seguinte día hábil.						
Prazo máximo de execución dos servizos de pagamento que se deban prestar	O importe das operacións de pagamento realizadas polo titular será aboado na conta do provedor de servizos de pagamento do beneficiario, como máximo, ao final do día hábil seguinte ao momento de recepción da orde de pagamento. Este prazo só se aplicará a aquelas operacións realizadas en euros, ás operacións de pagamento nacionais na moeda dun Estado membro da Unión Europea que non forme parte da zona do euro ou ás operacións de pagamento que só impliquen unha conversión de moeda entre o euro e a moeda dun Estado membro que non forme parte da zona do euro, sempre que a correspondente conversión se leve a cabo no Estado membro que non forme parte da zona euro e, no caso de operacións de pagamento transfronteirizas, que a transferencia transfronteiriza se realice en euros.						
Límites ás operacións que se executen a través do instrumento de pagamento.	O importe das operacións que se fagan coa tarxeta non poderá ser superior aos límites de uso que, en cada momento, estean establecidos na tarxeta; os cales poderán ser modificados polo titular dentro dos seguintes límites operacionais máximos: <table><tr><th>LÍMITE COMPRAS</th><th>LÍMITE CAIXEIROS:</th></tr><tr><td>DIARIO: límite de crédito asignado</td><td>DIARIO: 600,00 €*[*]</td></tr><tr><td>MENSUAL: límite de crédito asignado</td><td>MENSUAL: límite de crédito asignado</td></tr></table> <i>[*]Salvo que o límite de crédito que se asigne sexa de menor importe; nese caso aplicará este último.</i> Ademais, como as operacións realizadas coa tarxeta se executan con cargo ao límite de crédito asociado a ela, o titular non poderá facer disposicións coa tarxeta que excedan do límite de crédito dispoñible en cada momento. Non obstante o anterior, se se fose superar o límite do crédito concedido como consecuencia dunha operación ou por calquera circunstancia, a entidade poderá autorizar puntualmente disposicións por riba dese límite, sempre que sexan por un importe inferior ao 25,00% do devandito límite. Nese caso, o titular, con independencia da modalidade de pagamento xeral que teña establecida, quedará obrigado ao reembolso total do importe excedido na cota mensual correspondente á seguinte liquidación do crédito, así como ao aboamento da «comisión por excedido» recollida na sección «Demais custos derivados do contrato de crédito» da Información Normalizada Europea.	LÍMITE COMPRAS	LÍMITE CAIXEIROS:	DIARIO: límite de crédito asignado	DIARIO: 600,00 €* [*]	MENSUAL: límite de crédito asignado	MENSUAL: límite de crédito asignado
LÍMITE COMPRAS	LÍMITE CAIXEIROS:						
DIARIO: límite de crédito asignado	DIARIO: 600,00 €* [*]						
MENSUAL: límite de crédito asignado	MENSUAL: límite de crédito asignado						

2. Sobre os gastos e tipos de xuro e de cambio.

Gastos adicionais pola comunicación da información	A entidade poderalle cobrar ao titular, sempre que o permita a normativa vixente e despois de informalo previamente do seu importe, os gastos que se deriven da solicitude polo titular de información adicional á esixida normativamente ou con máis frecuencia que a esixida por aquela, ou pola transmisión de información por medios de comunicación distintos dos especificados neste documento, na Información Normalizada Europea e no contrato. En particular, no caso de que o titular solicite recibir as comunicacións relativas á información e liquidación das operacións derivadas do contrato a través de correo postal, a entidade poderalle repercutir ao titular os gastos xerados polo envío postal destas comunicacións, despois de informar o titular do seu importe, que poderá ser unha estimación cando afecte a información de carácter periódico. Este gasto non lle será repercutido ao titular cando estea nunha situación de especial vulnerabilidade nos termos establecidos na normativa vixente, o que lle deberá comunicar á entidade con carácter previo á petición e para cada unha delas ou única categoría de comunicacións e/ou informacións.
Tipo de cambio que se aplicarán	No caso de que o titular realice unha orde de pagamento nunha moeda distinta do euro, esta orde converterase e cargarase en euros aplicando o tipo de cambio establecido polo sistema de pagamentos da tarxeta (Visa ou MasterCard) no momento no que se autorice ou liquide a respectiva orde de pagamento. Ademais, se a operación se realizase fóra da zona SEPA, poderase cobrar a «comisión por uso de redes internacionais» que consta reflectida na Información Normalizada Europea ou aquela que puidese ser de aplicación conforme á normativa vixente en cada momento. A entidade, en canto reciba unha orde de pagamento para realizar unha retirada en efectivo nun caixeiro automático ou un pagamento en punto de venda cunha moeda da Unión Europea distinta ao euro, comunicarlle ao titular o custo total da conversión de divisas como unha marxe porcentual sobre o último tipo de cambio de referencia do euro publicado polo Banco Central Europeo (BCE). Esta comunicación realizarase mediante unha SMS, unha notificación <i>push</i> ou outra canle electrónica habilitada para o efecto, e enviarase polo menos unha vez en cada mes en que se reciba unha orde de pagamento nesa mesma moeda. O titular poderá solicitar non recibir esta mensaxe electrónica a través do teléfono 900 811 311.

3. Sobre a comunicación.

Medios de comunicación, incluídos os requisitos técnicos aplicables ao equipo do usuario de servizos de pagamento, acordados entre as partes para a transmisión de información ou notificacións.	Todas as notificacións e información que a entidade lle deba remitir ou facilitar ao titular en virtude do contrato serán comunicadas, como medio principal, a través da área privada da páxina web da entidade e da app, ou o sistema que se poida desenvolver en substitución deste. Para ese efecto, o titular deberase dar de alta no servizo de Banca Online, e poderá acceder á información contida nas comunicacións que se lle envíen a través da área privada da páxina web da entidade e da app, no apartado «As miñas comunicacións», mediante a introdución das credenciais de seguridade e/ou os mecanismos de autenticación requiridos para o efecto pola entidade, onde poderá consultala, gardala e/ou imprimila.
--	--

	Así mesmo, a entidade e o titular pactan que a información descrita no parágrafo precedente, así como calquera outra comunicación complementaria a propósito do contrato, tales como alertas de envío de comunicacións especialmente relevantes, poida ser remitida a través de correo electrónico ao enderezo de correo informado polo titular, ou por calquera medio telemático ou electrónico que teña a consideración de soporte duradeiro e cumpra o orzamento descrito, e que estea dispoñible en cada momento en atención ao estado da tecnoloxía. O anterior non supoñerá que o medio preferente e principal de comunicación non sexa a área privada da páxina web da entidade e da app, ou sistema substitutivo desenvolvido pola entidade, salvo modificación suxeita á normativa de aplicación A comunicación ou posta á disposición do titular da información financeira a través da internet, correo electrónico ou calquera outro medio telemático ou electrónico que teña a consideración de soporte duradeiro está dotada da mesma validez xurídica que as comunicacións remitidas por correo postal.
Forma e frecuencia en que se facilitará ou se poñerá á disposición a información prevista na Orde ministerial sobre transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento.	A información prevista na Orde ministerial sobre as operacións de pagamento facilitaráselle ao titular en papel ou noutro soporte duradeiro que lle permita almacenala e reproducila sen cambios, de forma gratuíta e periódica, polo menos unha (1) vez ao mes.
Dereito do usuario do servizo de pagamento a recibir a información e as condicións contractuais do contrato.	En calquera momento da relación contractual, o titular terá dereito a recibir, cando así llo solicite á entidade, as condicións polas que se rexe o contrato, así como a información esixida pola lexislación aplicable en materia de servizos de pagamento.

4. Sobre as responsabilidades e requisitos necesarios para a devolución.

Medidas que debe adoptar o consumidor para preservar a seguridade do instrumento de pagamento e forma de notificación á entidade.	É obriga do titular e do/s titular/es adicional/ais (se os houbese): • Utilizar a tarxeta conforme aos termos e condicións do contrato, e deberá adoptar todas as precaucións e medidas necesarias para conservar e asegurar a súa correcta utilización. • Memorizar, protexer e manter en segredo o PIN (número de identificación persoal), as credenciais de seguridade personalizadas, así como o resto dos mecanismos de autenticación; tomando as debidas precaucións para garantir a seguridade e a posesión da tarxeta.
--	---

	Especialmente, non deberá: (i) facilitar o PIN, as credenciais de seguridade ou calquera outro mecanismo de autenticación a terceiras persoas; (ii) utilizar como PIN ou como credenciais de seguridade personalizadas datos ou datas existentes en documentos do seu uso habitual; ou (iii) anotar na tarxeta, nin en calquera outro documento/soposte que o titular conserve ou transporte xunto coa tarxeta, o PIN asignado, as credenciais de seguridade personalizadas, así como o resto de mecanismos de autenticación, fundamentalmente se existe posibilidade de que se perda, que os rouben ou que se falsifique ao mesmo tempo que aquela. Así mesmo, deberá tomar as medidas necesarias para protexer o teléfono ou calquera outro dispositivo no que poida recibir algún dos elementos de autenticación designados pola entidade e impedir o seu uso por persoas non autorizadas. • Notificarlle á entidade, sen demora indebida, en canto teña coñecemento da perda, subtracción, apropiación indebida, falsificación ou utilización non autorizada da tarxeta, do seu perfil de cliente na páxina web e/ou na app, así como do coñecemento por outras persoas, contra a súa vontade, do PIN, das credenciais de seguridade e/ou dos mecanismos de autenticación asignados. Esta notificación poderase facer mediante: (i) o teléfono da entidade: 900 811 311; (ii) a web: www.bankinterconsumerfinance.com; (iii) a app; ou (iv) o servizo de Redsys previsto para este fin: 913 626 200. Ademais, será necesario que o titular lle entregue á entidade unha copia da denuncia presentada.
O procedemento seguro de notificación ao usuario por parte do provedor de servizos de pagamento en caso de sospeita de fraude, fraude real ou de ameazas para a seguridade.	A entidade dispón de sistemas de detección da fraude para a identificación de operacións sospeitosas ou fraudulentas. No caso de que os sistemas da entidade detecten tales supostos, ou exista unha ameaza para a seguridade, poñerase en contacto co titular no número designado por este co fin de verificar o consentimento real do titular á operación e adoptar as medidas adecuadas. Adicionalmente, ante un incidente operativo ou de seguridade grave asociado aos servizos relacionados coa tarxeta que afectase ou puidese afectar os xuros financeiros do titular, a entidade informarao sen dilación indebida do incidente e de todas as medidas paliativas dispoñibles que poden adoptar para mitigar as consecuencias adversas do incidente.
Condicións nas que a entidade se reserva o dereito de bloquear o instrumento de pagamento.	Cando haxa razóns obxectivamente xustificadas relacionadas coa seguridade da tarxeta, a sospeita dunha utilización non autorizada ou fraudulenta dela ou se o seu uso puidese supoñer un aumento significativo do risco de falta de pagamento do titular, a entidade poderá bloquear ou limitar a utilización da tarxeta, de forma definitiva ou temporal, comunicándollo ao titular con carácter previo ou, de non ser posible, inmediatamente despois desa decisión, salvo que esa comunicación resulte comprometida por razóns de seguridade xustificada ou sexa contraria a unha disposición normativa. A entidade procederá a desbloquear a tarxeta ou a substituíla por outra unha vez que deixasen de existir os motivos para bloquear a súa utilización, sen custo para o titular.

Responsabilidade do consumidor en caso de operacións de pagamento non autorizadas.	O titular responderá fronte á entidade do pagamento das operacións que se realicen coa tarxeta, tanto se foron efectuadas polo propio titular, polo/s titular/es adicional/ais ou por terceiras persoas, salvo os supostos de exención de responsabilidade sinalados a continuación. En caso de operacións de pagamento non autorizadas, por mor dun extravío, subtracción ou apropiación indebida da tarxeta por un terceiro, o titular quedará obrigado a soportar un máximo de cincuenta (50,00) euros, salvo: a) que non lle resultase posible detectar a perda, subtracción ou apropiación indebida da tarxeta antes do pagamento da operación; ou b) que a perda se debese á acción ou inacción da entidade, os seus empregados ou calquera terceiro ao que se externalizaron as súas actividades. Así mesmo, o titular quedará exento de toda responsabilidade en caso de subtracción, extravío ou apropiación indebida da tarxeta cando a operación se efectuou de forma non presencial utilizando unicamente os datos de pagamento impresos na propia tarxeta. Agora ben, os límites e exencións anteriores non serán de aplicación e, por conseguinte, o titular soportará todas as perdas derivadas das operacións de pagamento non autorizadas, no caso de que o titular ou, de ser o caso, o/s titular/es adicional/ais actuasen de maneira fraudulenta ou incumprisen, deliberadamente ou por neglixencia grave, as súas obrigas de custodia e/ou de notificación de incidentes. Non obstante o anterior, se a entidade non lle esixise autenticación reforzada ao titular, este só soportará as posibles consecuencias económicas en caso de actuar de forma fraudulenta. Igualmente, salvo no caso de actuación fraudulenta, o titular non soportará ningunha consecuencia pola utilización da tarxeta extraviada ou subtraída con posterioridade á comunicación á entidade dese feito.
Forma e prazo de notificación por parte do consumidor á entidade de calquera operación de pagamento non autorizada ou executada de forma incorrecta, así como a responsabilidade da entidade en caso de operacións non autorizadas.	O titular deberalle notificar á entidade, sen tardanza inxustificada e, en todo caso, dentro do prazo máximo de trece (13) meses, cando teña coñecemento, dunha operación de pagamento non autorizada ou executada incorrectamente. Esta comunicación deberase realizar a través do teléfono 900 811 311 ou por calquera outro medio aceptado entre as partes, e nela deberanse facilitar os detalles da operación afectada. No caso de que se execute unha operación de pagamento non autorizada, a entidade, unha vez verificada a falta de autorización, devolveralle ao titular o importe da operación non autorizada de inmediato e, en calquera caso, como moi tarde ao final do día hábil seguinte a aquel no que se observou ou se lle notificou a operación á entidade e, de ser o caso, restituirá a liña de crédito ou a conta asociada do titular ao estado no que estaba de non efectuarse a operación non autorizada, salvo cando a entidade teña motivos razoables para sospeitar a existencia de fraude e comunique estes motivos por escrito ao Banco de España.

	Non obstante o anterior, a entidade poderá rexeitar calquera disputa relativa a unha operación de pagamento non autorizada unha vez transcorridos trece (13) meses desde a data do correspondente aboamento ou cargo.
Responsabilidade da entidade en caso de non execución ou de execución defectuosa ou con atraso dunha orde de pagamento.	A entidade será responsable fronte ao titular da correcta execución das operacións de pagamento realizadas coa tarxeta ata o momento en que o seu importe sexa aboado na conta do provedor de servizos de pagamento do beneficiario da operación. En caso de non se executar, ou de facerse erroneamente, se a entidade fose responsable, esta devolveralle sen demora inxustificada ao titular o importe da operación de pagamento e, de ser o caso, restablecerá o saldo da liña de crédito ou da conta asociada á situación anterior á operación de pagamento. Agora ben, a entidade non se responsabilizará da non execución ou execución defectuosa dunha orde de pagamento cando o identificador único facilitado polo titular sexa incorrecto. Así mesmo, a entidade poderá rexeitar calquera disputa relativa a unha operación de pagamento executada incorrectamente unha vez transcorridos trece (13) meses desde a data do correspondente aboamento ou cargo. Doutra banda, en caso dunha operación de pagamento non executada ou executada de maneira defectuosa na que o titular iniciase a orde de pagamento, a entidade, despois de pedilo previamente, e con independencia da responsabilidade que se determine, tratará inmediatamente de rastrexar a operación de pagamento e notificaralle ao titular os resultados, sen lle poder cobrar por iso ningún gasto a este. A responsabilidade da entidade limitarase só ás perdas directas en que incorrese o titular como consecuencia directa da súa actuación, e ata o montante da operación de pagamento non executada ou executada de forma defectuosa ou con atraso por parte da entidade, así como dos gastos e/ou xuros que, de ser o caso, puidesen aplicarse ao titular por esta operación. Ademais, a entidade, sen prexuízo de adoptar as medidas que estime pertinentes, estará exenta de responsabilidade en caso de non funcionamento, non admisión ou falta de atención á tarxeta por incidencias e responsabilidades que se puidesen derivar da operación entre o titular e o comercio, por avarías ou problemas técnicos na liña telefónica ou conexión á internet do titular ou en caixeiros automáticos pertencentes a outros bancos ou entidades, así como por calquera outra circunstancias allea ao control da entidade.
Requisitos necesarios para a devolución de fondos por operacións de pagamento iniciadas por un beneficiario ou través del .	O titular poderalle solicitar á entidade a devolución das operacións de pagamento autorizadas que fosen iniciadas por un beneficiario ou a través del, durante o prazo máximo de oito (8) semanas contadas a partir da data de cargo da transacción, sempre que se cumpran as seguintes condicións: (i) que na autorización da operación non se especificase o seu importe exacto e (ii) que ese importe superase o que o titular podía esperar razoablemente tendo en conta as súas anteriores pautas de gasto, as condicións do contrato e demais circunstancias pertinentes para o caso.

O titular deberalle proporcionar á entidade a información e os documentos xustificativos da devolución. Para tal fin, o titular non poderá invocar motivos relacionados co cambio de divisa cando se aplicou o tipo de cambio de referencia acordado coa entidade.

O titular non terá dereito a reembolso cando: a) o titular dese o seu consentimento para que se execute a operación de pagamento directamente á entidade, e b) de ser o caso, a entidade ou o beneficiario proporcionen ou poñan á disposición do titular a información da futura operación de pagamento polo menos con catro (4) semanas de antelación á data prevista.

En caso de reclamación de devolución, a entidade contará cun prazo de dez (10) días hábiles, desde a recepción da solicitude, para devolver o importe íntegro da operación ou ben para xustificar a súa negativa; neste suposto deberá indicar os procedementos de reclamación xudicial ou extraxudicial que asisten ao titular.